

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM01	Carpintaría e moble	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0538	Materiais en carpintaría e moble	2023/2024	4	133	133
MP0538_12	Propiedades e utilización das madeiras e dos seus derivados	2023/2024	4	45	45
MP0538_22	Procesos de primeira e segunda transformación, de fabricación e de instalación	2023/2024	4	88	88

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA PAZ LÓPEZ FERNÁNDEZ,SANDRA MARÍA PEREIRA GASAMANS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de produción aplicada á preparación de materiais.

Esta función, asociada á de produción, abrangue aspectos como:

Identificación de madeiras polo seu nome comercial.

Rexeitamento de madeiras con defectos ou alteracións.

Selección de taboleiros e produtos derivados.

Determinación da humidade da madeira.

Cumprimento da normativa ambiental.

Selección de ferraxes e complementos específicos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

Selección de madeiras.

Abastecemento de subproductos.

Determinación de solucións construtivas en montaxe de elementos.

Abastecemento de ferraxes.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), e), f), g), h), i), j), l), m) e n) do ciclo formativo, e

as competencias profesionais, persoais e sociais a), b), e), f), g), h), i), j), l) e m).

Tendo en conta que ao instituto ven alumnado non so da cidade, senón dunha ampla área dos seus arredores; as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar

sobre:

Identificación dos principais tipos de madeira, así como dos produtos e os subprodutos derivados dela, caracterizando

os seus principais procesos de transformación.

Recoñecemento dos principais sistemas construtivos para traballos de carpintería e construción de mobiliario, con identificación do proceso que cumpra levar a cabo para obter o produto, e da normativa ambiental e de seguridade que haxa que aplicar.

Debe considerarse o ámbito produtivo á zona de Ferrol.

As industrias nas que os alumnos poden desenvolver o seu traballo son, principalmente, carpinterías de ámbito dedicadas a fabricación de todo tipo de mobiliario tanto para el hogar como de oficinas, portas, ventás...así como, talleres de reparación e mantemento de embarcacións de recreo. Por todo elo, farase especial fincapé nas unidades relacionadas con eses ámbitos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O bosque es as árbores	Distribucións dos bosques. Coñecemento das árbores. Certificacións	9	6
2	A madeira e a súas características	Coñecemento da madeira: Tipos, propiedades, humidade, enfermidades e defectos, protección, cubicación, produtos aserrado.	23	17
3	Produtos derivados da madeira e materiais auxiliares	Chapas e taboleiros. Adhesivos. Metais, plásticos, vidros, pedras naturais e artificiais	23	17
4	Procesos de transformación	Aserrado, labrado, secado, cepillado, moldurado, chapeado.	24	18
5	Sistemas construtivos	Partes dos mobles. Ensambls en carpintería e moblaxe. Ferraxes.	19	15
6	Carpintería de obra e estruturas de madeira	Curvado, acabamentos superficiais, escaleiras, pavimentos, revestimentos, portas e ventanas, cubertas, entramados.	32	25
7	Moblaxe	Tipoloxía e partes dos mobles. Historia dos Estilos	3	2

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O bosque es as árbores	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a normativa ambiental sobre o uso da madeira, para o que reconece os selos de calidade e valora a súa contribución.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse os principais tipos de bosque de España e a súa xestión de explotación, tendo en conta as diferenzas entre as especies de madeiras máis significativas.

Criterios de avaliación
CA1.2 Confeccionáronse mapas que representen a distribución xeográfica mundial das madeiras máis utilizadas en carpintaría e moble.
CA1.3 Levouse a cabo un estudo sobre a planificación dos aproveitamentos forestais de España.
CA1.4 Elaborouse unha listaxe de madeiras debidamente documentada con criterios de respecto ambiental mediante algún selo de calidade e control (FSC e PEFC).
CA1.5 Describiuse a madeira máis adecuada para cada traballo en función das súas características e a súa aplicación, e rexeitáronse as partidas de madeira non certificadas.
CA1.6 Elaborouse unha base de datos de empresas que teñan integrados os sistemas de certificación da orixe, e aproveitamento das súas madeiras e dos subprodutos.
CA1.7 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA1.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA1.9 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA1.10 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.1.e) Contidos

Contidos
Bosques: especies de madeiras e a súa distribución xeográfica.
Sistemas de certificación: PEFC e FSC; normas e estándares internacionais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A madeira e a suas características	23

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os principais tipos de madeira utilizados en carpintaría e moble, e relaciona as súas características coas súas aplicacións.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizouse a estrutura macroscópica e microscópica da madeira e a cortiza.
CA2.2 Identificáronse as principais madeiras españolas e de importación polo seu nome comercial e a súa especie, e clasificáronse como coníferas ou frondosas.
CA2.3 Descríbóronse madeiras e consideráronse as súas propiedades físicas e mecánicas, e as súas vantaxes para o seu uso nos procesos de carpintaría e moble.
CA2.4 Descríbóronse os defectos, as enfermidades, e os axentes bióticos e abióticos que presentan as madeiras, así como as súas posibles consecuencias ou alteracións no elemento que se desexe producir.
CA2.5 Descríbiuse adecuadamente a realización do abateamento e talla da madeira.
CA2.6 Calculáronse as cubicacións da madeira en pé.
CA2.7 Realizáronse listaxes de materiais a partir dos produtos de serraxe dispoñibles (táboa, taboleiro, taboíña, listóns e recortes).
CA2.8 Selecionouse o sistema de protección da madeira (acabamento superficial, sales e autoclave, etc.) en función do produto que cumpra obter na primeira transformación.
CA2.9 Calculouse a humidade da madeira a través do manexo de utensilios e instrumentos de medición específicos.
CA2.10 Selecionouse o tipo de madeira para utilizar en función das súas características e do tipo de esforzo mecánico que deba soportar.
CA2.11 Realizáronse ensaios sinxelos de laboratorio para avaliar o cumprimento das normas de calidade.
CA2.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA2.13 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA2.14 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.

Criterios de avaliación
CA2.15 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA2.16 Mantívoose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>A madeira e a árbore: partes, alimentación e abateamento.</p> <p>Estrutura macroscópica e microscópica: composición química.</p> <p>Madeiras españolas e de importación: coníferas e frondosas.</p> <p>Clasificación: normas españolas e europeas. Madeiras serradas en Finlandia, Suecia, etc.</p> <p>Madeiras de serra (medidas comerciais): identificación e aplicación industrial.</p> <p>Enfermidades e defectos das madeiras.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Produtos derivados da madeira e materiais auxiliares	23

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona produtos derivados da madeira e outros materiais utilizados en carpintaría e moble, e xustifica a súa aplicación en función do resultado que se obteña.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os taboleiros polo seu nome comercial, en función das súas características e da súa aplicación.
CA3.2 Seleccionáronse chapas e materiais de revestimento en función das súas características e da súa aplicación.
CA3.3 Seleccionáronse os vidros en función das súas características e do espazo que haxa que pechar.
CA3.4 Seleccionáronse outros materiais, como plásticos, aceiro inoxidable e outros metais, e pedras naturais e artificiais.
CA3.5 Seleccionáronse os adhesivos en función do material que cumpra unir e do proceso de xuntamento.
CA3.6 Escolléronse materiais complementarios de mobles e de instalacións.
CA3.7 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA3.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA3.9 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA3.10 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA3.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.3.e) Contidos

Contidos
Taboleiros de labras, fibras e compostos: características físicas e mecánicas.
Chapas de madeira: clases. Chapeamento.
Adhesivos: tipos e sistemas de xunta.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Procesos de transformación	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os procesos de transformación da madeira, tendo en conta as relacións entre as especificacións técnicas dos produtos, as materias primas e os recursos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse a partir de mostras e ilustracións os principais sistemas de despezamento e talla da madeira, tendo en conta a relación entre os produtos que cumpra obter e as súas dimensións.
CA1.2 Analizáronse os principais sistemas de secado e tratamento das madeiras.
CA1.3 Descríbense e ilustráronse os sistemas de obtención de chapas, en relación cos produtos obtidos e as súas características.
CA1.4 Diferenciáronse sistemas de fabricación de taboleiros, en relación cos tipos obtidos e a súa aplicación.
CA1.5 Descríbense os sistemas de fabricación de laminados decorativos de diversos tipos, en relación coas súas características técnicas e co seu campo de uso.
CA1.6 Elaboráronse esquemas coa configuración de empresas que fabrican elementos de carpintería (portas, ventás e varandas, escaleiras, chans e revestimentos).
CA1.7 Elaboráronse esquemas coa configuración de empresas que fabrican moblaxe.
CA1.8 Elaboráronse esquemas coa configuración de talleres de carpintería e ebanistería.
CA1.9 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA1.10 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA1.11 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.

Criterios de avaliación
CA1.12 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA1.13 Mantívoose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.4.e) Contidos

Contidos
Sistemas de despezamento e talla da madeira. Sistemas de obtención de chapas. Sistemas de secado. Tratamento das madeiras Fabricación de taboleiros. Fabricación de laminados decorativos. Fabricación de elementos de carpintería (portas, ventás, varandas, etc.). Fabricación de moblaxe. Configuración de talleres de carpintería e ebanistería.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Sistemas construtivos	19

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece os sistemas construtivos utilizados na fabricación e na instalación de carpintería e moble, en relación cos elementos accesorios e de unión.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense sistemas de construción e os subconxuntos de mobles e elementos de carpintaría.
CA3.2 Descríbense e ilustráronse os sistemas de construción e as partes de mobles.
CA3.3 Identifícanse enlaces, unións e ensamblaxes tradicionais entre pezas de madeira.
CA3.4 Identifícanse os sistemas de unión e ensamblaxe das partes dos elementos dun moble ou dun elemento de carpintaría.
CA3.5 Identifícanse os sistemas de unión nos caixóns e as súas guías, a partir de mostras e información técnica.
CA3.6 Identifícanse diversas opcións a partir de mostras e información técnica de apoios (zócolos, nivelación de bases, regulacións, etc.).
CA3.7 Identifícanse os elementos de unión (chavetas, galletas, espigas, puntas, parafusos, etc.), a partir de mostras e información técnica.
CA3.8 Seleccionáronse ferraxes para solucións construtivas con base en catálogos e mediante programas informáticos de provedores.
CA3.9 Obtivéronse planos de montaxe de ferraxes para cada solución construtiva, a través de programas informáticos de provedores de ferraxes.
CA3.10 Elaboráronse listaxes de provedores de elementos de unión para cada solución construtiva a partir de sitios de internet.
CA3.11 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA3.12 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA3.13 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA3.14 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA3.15 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Ferraxes</p> <p>Tipos de moblaxe e sistemas construtivos.</p> <p>Sistemas construtivos</p> <p>Estruturas simples: troncos, e armazón lixeira e pesada.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Carpintaría de obra e estruturas de madeira	32

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os principais procesos de fabricación e instalación de elementos de carpintaría e moble, en relación cos aspectos históricos, estéticos e funcionais.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense sistemas de fabricación e instalación de portas, ventás, protección física exterior de ventás e balcóns, e marcos de madeira, e identifícanse os seus compoñentes a partir de exemplos e información técnica.
CA2.2 Descríbense os sistemas de fabricación e instalación de escaleiras, varandas e estruturas simples de madeira, armazóns horizontais e verticais, e muros con armazón, e identifícanse os seus compoñentes a partir de exemplos e información técnica.
CA2.3 Identifícanse os sistemas de fabricación e instalación de armazóns inclinadas e de cubertas.
CA2.4 Identifícanse os sistemas de fabricación e instalación de mobles de cociña, baño e armarios encaixados.
CA2.5 Identifícanse os sistemas de fabricación de xoguetes, instrumentos musicais e obxectos diversos de madeira, a partir de exemplos e información técnica.
CA2.6 Descríbense sistemas de revestimento de madeira en chans, teitos e paredes, e identifícanse os seus compoñentes, e os sistemas de fabricación e de instalación.

Criterios de avaliación
CA2.7 Esbozáronse os compoñentes fundamentais dos mobles, en relación cos materiais, a estética, os elementos decorativos, as técnicas, a funcionalidade e a aplicación.
CA2.8 Identificáronse os procesos de curvaxe da madeira.
CA2.9 Identificáronse os tipos de acabamentos superficiais.
CA2.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA2.13 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.
CA2.14 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA2.15 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.
CA2.16 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.6.e) Contidos

Contidos
Fabricación e instalación de portas, ventás e marcos de madeira.
Fabricación e instalación de portas, escaleiras, ventás, varandas e estruturas simples de madeira (armazón pesada, lixeira e de troncos).
Fabricación e instalación de proteccións físicas exteriores de ventás e balcóns (persianas, contraventás de diversos tipos, etc.).
Curvaxe da madeira.
Revestimentos de madeira en chans, teitos e paredes, fabricación e instalación.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Moblaxe	3

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os principais procesos de fabricación e instalación de elementos de carpintería e moble, en relación cos aspectos históricos, estéticos e funcionais.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Recoñeceronse os principais estilos de moble a partir da información achada en bibliografía e sitios web de internet.
CA2.11 Elaboráronse mostras con elementos significativos de mobles que identifican as características principais de estilo e dos seus sistemas de construción.

4.7.e) Contidos

Contidos
Tipos de moblaxe e sistemas construtivos.
Tipo de moblaxe

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos exixibles son os especificados no apartado 4c "Axustar Avaliación", da aplicación de elaboración de programacións, que quedan refrectidos nos apartados d) correspondentes do punto 4 do informe: "criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado".

Estos contidos mínimos concretanse na adquisición e dominio por parte do alumno dunha serie de conceptos e habilidades que lle permitan identificar os principais tipos de madeira, así como dos produtos e os subprodutos derivados dela, caracterizando os seus principais procesos de transformación. Recoñecemento dos principais sistemas construtivos, con identificación do proceso que cumpra levar a cabo para obter o produto, e da normativa ambiental e de seguridade que haxa que aplicar

A observación individual diaria do alumno permitirá analizar aspectos como o seu interese, motivación e grao de implicación nas actividades e debates propostos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As distintas probas que se levarán a cabo ao longo de cada trimestre e o seu valor porcentual para cualificar os alumnos establécense a continuación:

(A) Probas teórico-prácticas. Cun valor porcentual do 60% da nota da avaliación.

As probas teórico-prácticas de cada trimestre versarán sobre os contidos teóricos do módulo e resolucións prácticas relacionadas cos exercicios realizados durante o trimestre respectivo. Esta proba cualificarase numéricamente, de cero a dez puntos.

(B) Actividades e exercicios especificados a desenvolver durante as clases. Cun valor porcentual do 40% da nota da avaliación.

Actividades e exercicios identificados e informados aos alumnos durante as clases que se realizarán durante o desenvolvemento das mesmas, organizados xeralmente de forma semanal, serán de entrega obrigatoria en tempo e forma, e a súa análise terá en conta, non só o nivel obxectivo acadado, senón tamén a evolución persoal do alumno. Cualificarase numéricamente, de cero a dez puntos. Para este apartado calcularase a media aritmética de todas as prácticas.

Para poder realizar a suma do porcentaxe de cada unha de estas partes, deberase alcanzar como mínimo unha nota igual ou superior a 3 puntos sobre 10 no apartado (A) Proba Teórico-Práctica. De non alcanzarse esta nota mínima, a avaliación parcial considerarase non superada, aínda sendo a suma das dúas partes superior ou igual a 5 puntos. Neste caso, a nota da avaliación parcial, nunca será superior a 4 puntos.

Una vez, obtida a nota mínima igual ou superior a 3 puntos sobre 10 no apartado Proba Teórico-Práctica, a nota da avaliación será igual á parte enteira que mais se aproxime, sen decimais, á obtida da suma dos porcentaxes anteriormente mencionados.

Para aprobar a avaliación, o alumno deberá acadar unha nota (obtida a partir do resultado dos valores obtidos entre os apartados A e B, nos porcentaxes anteriormente indicados) igual ou superior a 5 puntos. A nota que aparecerá na avaliación será igual á parte enteira que mais se aproxime, sen decimais, do valor do resultado anteriormente explicado.

Se non se teñen superados os RA da primeira avaliación a nota na 2ª avaliación é un 4.

A nota final do módulo, por parciais, será igual á parte enteira que mais se aproxime, sen decimais, da media aritmética das avaliacións. Para que a cualificación final do Módulo resulte positiva, será imprescindible a cualificación positiva, é dicir, igual ou superior a 5, en cada un dos trimestres que o forman. De non alcanzarse esta nota mínima, a avaliación por parciais considerarase non superada, aínda sendo a media aritmética das partes superior o igual a 5 puntos. Neste caso, a nota da avaliación por parciais, nunca será superior a 4 puntos.

No caso que o suspenso nunha ou máis avaliacións fora motivado pola nota (B), é dicir que o alumno obtivera unha nota igual ou superior a 5 puntos na parte (A) pero no cómputo xeral (A)+(B), na porcentaxe 60% -40% non acadara un valor igual ou superior a 5 puntos. Este alumno podería entregar de novo os traballos correspondentes á parte (B) de dita avaliación, no caso de que o novo cómputo (A)+(B) acadara un valor igual ou superior a 5 puntos, dita avaliación consideraríase superada.

Proba final

Realizarase unha única proba teórico-práctica para cada un dos parciais non superados a realizar logo do remate da terceira avaliación, no período comprendido entre a finalización desta e a avaliación final. Esta proba cualificarase numéricamente, de cero a dez puntos. Para a súa superación os alumnos deberán obter unha puntuación igual o superior a cinco puntos. A nota final do módulo, será igual á parte enteira que mais se aproxime, sen decimais, á media aritmética das avaliacións. Para que a cualificación final do Módulo resulte positiva, será imprescindible a cualificación positiva, é dicir, igual ou superior a 5, en cada un dos trimestres que o forman. De non alcanzarse esta nota mínima, a avaliación final considerarase non superada, aínda sendo a media aritmética das partes superior o igual a 5 puntos. Neste caso, a nota da avaliación final, nunca será superior a 4 puntos.

Aqueles alumnos con todos os parciais non superados, realizarán unha única proba teórico-práctica que englobará todas as avaliacións. Esta proba cualificarase numéricamente, de cero a dez puntos. Para a súa superación os alumnos deberán obter unha puntuación igual o superior a cinco puntos.

PREVISIÓN EN RELACIÓN COA PANDEMIA

No caso no que, por motivos da pandemia, o alumnado tivera que seguir as clases, total ou parcialmente, de forma telemática, esta programación e os criterios de cualificación estarían supeditados as instrucións que se poideran dar dende a Consellería, dende a Xefatura de Estudos do Centro, ou dende o propio Departamento de Madeira. De non haber estas instrucións, establécense os seguintes criterios:

1º.-Se se dan as condicións para realizar probas de forma telemática coas garantías mínimas, aplicarase o criterio anteriormente exposto na programación, (coa valoración 60% probas escritas e 40% traballos e prácticas de clase)

2º.-De non poder celebrarse probas, establecerase coma nota da avaliación a media dos traballos e prácticas realizadas na clase (de forma presencial ou telemática)

3º.-Proba final. Se se dan as condicións para realizar dita proba de forma telemática, aplicarase o criterio exposto no apartado anterior. De non poder realizarse dita proba, poderá propoñerse un traballo no que o alumno poida demostrar a súa competencia para superar o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Ao remate do curso haberá unhas datas para poder repasar e recuperar aquelas partes non superadas e terá lugar unha proba final a que cada alumno irá coa parte da materia que teña suspensa, enténdese que os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións non precisarán presentarse a este exame.

Os alumnos que non chegaran ao mínimo esixible en cada avaliación farán a recuperación antes do remate do curso . Esta recuperación terá forma de proba escrita ou ben de traballos si estes foran a causa da cualificación negativa.

Os alumnos de segundo curso con este módulo pendente do curso pasado terán un plan de recuperación do módulo dende Outubro a Marzo

O profesor establecerá o plan de recuperación plantexando actividades de aprendizaxe e estudio individualizadas

Os alumnos serán convocados a diferentes probas no periodo Outubro-Marzo e para poder superalas terán que acadar os obxectivos mínimos correspondentes a aquelas partes que tivesen suspensas

No caso de non poder realizar probas presenciais, por motivos de pandemia, realizaránse ditas probas de forma telemática. No caso de non darse as garantías mínimas para a realización destas probas, propoñerase un traballo ou actividade no que o alumno poida demostrar a súa competencia.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que, por acumulación de faltas de asistencia, perdan o dereito a avaliación continua,realizarán un exame extraordinario composto por unha ou varias probas.

Este exame farase no mes de Xuño indicándose a data, hora e características do mesmo no taboleiro de anuncios correspondente

A calificación deste exame será a media ponderada das calificacións das diferentes probas, tendo en conta que para poder facer media terán que acadar unha puntuación mínima de 3 puntos sobre 10 en cada unha delas. No caso de que unhas probas tiveran máis valor que outras informarase o alumnado previamente á realización das mesmas

Se, por motivo da pandemia, non se poideran realizar as citadas probas de forma presencial, faranse de forma telemática. No caso de non poder realizar as probas telemáticamente, propoñerase un traballo ou actividade ao alumno no que poida demostrar a súa competencia.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente rexistraranse os datos sobre o seguimento da programación na aplicación informática correspondente e remitiránse ao titor e subiránse á aplicación do centro para a Calidade.

Os desaxustes que se vaian producindo por mor de causas externas (folgas, baixas....) tentarase corrixir dun xeito gradual si elo é posible.

Cando nas enquisas de avaliación da actividade docente resulten ítems de baixa valoración buscarase a causa da mesma para tentar corrixila o máis pronto posible

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo de 1º do Ciclo Medio de Técnico en Carpintaría e Moble, celebrará , unha vez ao mes en data fixada polo titor, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións.

Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo plan de calidade implantado no Centro, nel concretaranse, tanto o grao de cumprimento da programación , como as modificacións levadas a cabo na mesma, xustificando, de ser o caso, as causas das modificacións, así como as propostas de mellora da propia programación.

Estes documentos servirán de base para a elaboración da programación do vindeiro curso

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso e unha vez pechado o prazo de matrícula, salvo indicación en contra da xefatura de estudos, o equipo docente reuniráse nunha xuntanza de avaliación inicial na que o titor e os outros profesores poñerán en común a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

Esta información completará a obtida nunha proba inicial sobre coñecementos previos das materias a tratar no módulo e permitirá adoptar medidas de flexibilización na duración das diferentes UA ou considerar medidas de reforzo

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceráanse medidas de reforzo para que logre acadalos.

Estas medidas consistirán en traballos, resúmenes, esquemas ou fichas que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumno coa colaboración e supervisión do profesor.

Naqueles casos nos que se observen carencias significativas por parte da gran maioría do grupo en coñecementos previos esenciais para o desenvolvemento do módulo, poderá levarse a cabo unha puntual actualización nesa materia

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación non só abarca aspectos meramente académicos, se non que debe integrar outros valores transversais como son a educación do consumidor, a educación para a saúde, a educación non sexista e a educación ambiental entre outros que completan e enriquecen a formación meramente curricular axudando á formación da persoa.

Para iso teranse en conta aspectos como a linguaxe empregada, a formación dunha actitude crítica e responsable, o fomento do diálogo e o traballo en equipo e, sobre todo, aqueles aspectos que teñen unha relación máis directa co módulo do que estamos a tratar como poden ser:

- A problemática ambiental no uso de produtos químicos de protección e rematado.
- O aproveitamento sostible dos recursos incidindo no uso de madeira e taboleiros certificados, a minimización de desperdicios, etc.
- Os perigos para a saúde na manipulación e mecanizado de materias primas e produtos de rematado.
- Etc

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno productivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas na aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo. A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título, por iso, contemplaremos nas actividades varias visitas a empresas e/ou feiras relacionadas co sector da madeira.

Estas actividades, por motivos organizativos e económicos terán que ser consensuadas cos outros profesores do Departamento.

Dada a situación actual de pandemia, é posible que non poidan realizarse visitas a fábricas ou actividades semellantes. No seu lugar propónse realizar algunha video-conferencia con algún experto ou especialista en temas relacionados co sector.

10. Outros apartados

10.1) -Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia

-Dende principio do curso estará activa unha Aula Virtual cos contidos teóricos do módulo e os enunciados das prácticas que os complementan. Durante as clases presenciais este aula servirá de apoio para as explicacións e traballos a realizar. Os alumnos iranse familiarizando con esta ferramenta, descargando información e entregando os seus traballos, en formato dixital, no apartado correspondente da Aula Virtual. As calificacións dos traballos tamén se publicarán a través de esta plataforma.

Na avaliación inicial ao alumnado, localizaranse os alumnos que non teñan medios para seguir as clases de forma telemática e informárase ao xefe de estudos para a búsqueda de unha solución.

-Clases telemáticas.

Na Aula Virtual estarán os contidos teóricos, os enunciados e explicacións para realizar os traballos, outros documentos complementarios coma enlaces a páxinas web, vídeos relacionados, etc. Celebraranse video-conferencias cos alumnos, nas que se explicarán os contidos e os traballos propostos.

-Seguimento dos alumnos.

Durante as video-conferencias levarase un control de asistencia. Tamén se levará un control dos traballos presentados.

-Resolución de dudas.

Os alumnos terán a posibilidade de consultar dudas durante as vídeo-conferencias, a través do foro da Aula Virtual e tamén a través do correo electrónico.



-Calificacións.

As establecidas no apartado 5 de esta Programación